



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA **25/10//2007**

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez.
D^a Araceli Río Bimbiela.
D. Roberto Iglesias Delgado.
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.
D^a M^a Susana López Abella.
D. José Castor Novoa Fernández.
D. Manuel Diéguez Carballo.
D^a. M^a Cándida Carneiro Branco.
D. José Luís Janeiro Rodríguez.
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz.
D. Xesús Mazaira Varela.
D^a. Olga Otero Gómez.

SECRETARIO:

Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de outubro de dous mil sete, reuníronse, logo de convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27/09/2007.

Polo Sr. Secretario dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 27/09/2007.

O Sr. Varela sinala que van votar en contra da acta porque hai cousas que se deberían de recoller doutro xeito, como cando se ausentou a nosa compañeira Cati, que se recolleu que se abstivo do debate e da votación, en vez de recoller que se ausentou do debate e da votación; e algunha pregunta do noso concelleiro que se recolleu como prego en vez de pregunta, así como as respostas ás preguntas que non se recolleron ben.

O Sr. Secretario aclara que para os efectos do ROF ausencia equivale a abstención, pero que en calquera caso non se tivo en conta na votación, polo que non afecta ao contido, se ben non ten inconveniente en recollelo na acta. Tamén sinala que a intervención do Sr. Janeiro se recolleu como pregunta en vez de rogo porque se fixo na quenda das preguntas. Sinala tamén



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

que en calquera caso as transcricións das intervencións non teñen que ser literal, senón un extracto das intervencións e asuntos tratados.

Sometida a votación, é aprobada por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP.

2º.- APROBACION INICIAL DA MODIFICACION PUNTUAL DO P.G.O.U. DE CHANTADA NA RUA "DO REGO". Expte: 314/01/2007.

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 10/05/2007, aprobouse a incoación do expediente para a modificación puntual do PGOU de Chantada na rua do Rego, remitíndose o proxecto técnico (redactado por Eptisa Servicios de Ingeniería, S.A.) á Dirección Xeral de Urbanismo, e a Consellería de Medio Ambiente Desenvolvemento Sostible, aos efectos previstos na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Visto o informe previo á aprobación inicial de data 26/09/2007 do director xeral de urbanismo, RE nº 2979, de data 4/10/2007, no que se realizan ás seguintes recomendacións:

"Non obstante, e dado que se prevé en todo o fronte do rueiro afectado un soportal duns 65 m. De lonxitude compre o xuízo déaste servizo realizar ás seguintes recomendacións:

1. Deberíase completar o proxecto de modificación cunha ordenanza gráfica reguladora do soportal proxectado que garanta unha execución formal unitaria en todo o fronte de maza onde se proxecta de tal xeito que a distribución de pilastras teña unha cadencia regular e que a configuración exterior do mesmo responda a un deseño único e con definición de materiais de faciana que resulten acordes coas características tradicionais aínda existentes na praza Santa Ana (art.. 54 e da Lei 9/2002).

2. Así mesmo o longo do soportal de dous metros (1,60 útiles pola ocupación das pilastras) resulta insuficiente para o tránsito peonil e desproporcionadamente estreito para a súa altura polo que a recomenda amplialo. "

Vista a Decisión de 1/08/2007, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, RE nº 2441, de data 14/08/2007, sobre a necesidade de avaliación ambiental estratéxica da modificación puntual do PGOU de Chantada na rúa do Rego, na que resolve que non é necesario someter a modificación puntual ao procedemento integrado de avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal de data 18/10/2007.

Considerando o disposto nos artigos 77 e 85 e seguintes da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio rural de data 22/10/2007.

Aberto o debate o Sr. Varela móstrase favorable coa proposta e sinala a necesidade da súa aprobación canto antes, debido á demora na tramitación do PGOU, ás presas da empresa de construír nesa zona, e á anchura da rúa e das beirarrúas que vai supoñer un beneficio para os cidadáns de Chantada. Apunta tamén que se debería de expoñer ao público o mínimo tempo que esixa a lei, e que se aclare ben aos afectados se repercute ou non nas súas vivendas. Por último di que se debería de ter en conta as suxerencias do informe da Consellería de Urbanismo.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Mazaira ve positivo que se adecente ese tramo de rúa, mostrándose favorable coa proposta.

O Pleno da Corporación, unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual do PGOU de Chantada na rúa do Rego, e suspender o procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación, edificación o demolición en todo o area afectada pola modificación puntual.

SEGUNDO. - Someter o expediente a información pública mediante a publicación dun anuncio no DOGA e en dous xornais da provincia, para que durante o prazo dun mes poidan examinarse os devanditos documentos nas dependencias municipais e formularse ás alegacións e observacións pertinentes.

TERCEIRO.- Ter en conta as recomendacións do informe do director xeral de urbanismo, e comunicar o presente acordo o departamento municipal de Urbanismo e o equipo redactor do proxecto para o seu coñecemento e efectos oportunos.

CUARTO. - Notificar o presente acordo os propietarios dos terrenos afectados pola modificación puntual do PGOU.”

TRAMITE DE URXENCIA

En cumprimento do disposto non artigo 91.4 e 82.3 do ROF, a Presidencia preguntou os concelleiros se tiñan algún asunto para someteu a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, que non tivera cabida non punto de rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde presenta unha proposta de urxencia sobre a renuncia á subvencion concedida no ano 2005 para a redacción do PXOU de Chantada e solicitude de nova subvencion segundo convocatoria do ano 2007. Sometida a votación a urxencia, é aprobada por unanimidade.

RENUNCIA A SUBVENCION CONCEDIDA NO ANO 2005 PARA A REDACCIÓN DO PXOM DE CHANTADA E SOLICITUDE DE NOVA SUBVENCION SEGUNDO CONVOCATORIA DO ANO 2007.

Xustificada a urxencia da presente proposta en que o próximo día 31 de outubro de 2007 remata o prazo para a solicitude da subvención, e é o Pleno da Corporación o órgano competente para a adopción do acordo segundo a Orde de 20 de abril de 2007.

Visto que a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Dirección Xeral de Urbanismo comunico a falta de xustificación da anualidade de 2006, e o establecido no artigo 10.2 da Orde de 15 de marzo de 2005 no sentido de que o incumplimento dos prazos parciais comprendidos na anualidade establecida na resolución da axuda, determinará que o órgano concedente proceda á apertura do correspondente procedemento para, logo da audiencia ó interesado, resolver a redución da contía desta polo importe correspondente ó prazo incumplido.

Vista a convocatoria de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, segundo a Orde de 20 de abril de 2007 (DOGA nº 79 de 24 de abril de 2007).

Considerando o establecido na Disposición Transitoria Única da citada Orde: *“As corporacións locais beneficiarias de subvencións concedidas para a redacción do planeamento urbanístico ó abeiro de ordes de anos anteriores poderánse acoller aos beneficios desta Orde sempre que xunten á correspondente solicitude o acordo do órgano municipal competente en que se recolla expresamente a súa renuncia ás cantidades pendentes de libramento da axuda vixente no*



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

momento da nova petición. Neste caso a resolución de concesión da nova axuda ou subvención determinará as deducións que en función dos libramentos anteriores proceda aplicar a cada caso.”

Considerando o establecido na Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como o establecido na Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como o establecido na Orden de 20 de abril de 2007 (DOGA nº 79 de 24 de abril de 2007), no que establece como

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

O Sr. Varela pregunta porque non se puido xustificar a anualidade deste ano, se foi polo equipo de goberno ou por falta de traballo dos redactores do plan, xa que é doloroso renunciar a estas axudas, e se é por deixadez o plan xeral de Chantada vaise prolongar moito no tempo como o de Monforte que estivo 14 ou 15 anos en tramitación.

O Sr. Mazaira sinala as circunstancias que impiden a xustificación desta anualidade, como que están tendo en conta as recomendacións de urbanismo e a nova lei ambiental, que esixe un informe ambiental, polo que se está a traballar niso cos redactores para telo preparado canto antes.

O Sr. Alcalde di que en 4 meses de goberno non se pode esixir máis, que o PP tivo moitos anos para facelo, afirmando que podería estar finalizado no prazo dun ano, satisfacendo as demandas actuais do Concello de Chantada.

O Sr. Varela contesta que non bota nada en cara a ninguén, pero que o plan se prolongou no tempo polas modificacións legais que houbo na lei do solo de Galicia, e non valía a pena aprobalo para ter que adoptalo logo á lei do solo, como se fixo hai 4 anos, que se aprobou inicialmente e houbo que paralizalo e volver empezar a tramitalo de novo.

O Sr. Iglesias sinala que se recompilou información do aparelador e do equipo redactor, e que se detectaron importantes erros que se están a corrixir agora, como na parte vella que había contempladas edificacións de baixo e tres plantas, ou a inexistencia de zonas dotacionais, e moitas cousas máis; polo que o plan non valía para aprobalo tal e como estaba. Sinala tamén que hai que cumprir os prazos, que unha vez se expoña ao público e se solucione o problema da débeda cos redactores do plan, poderase avanzar e sometelo a informes de urbanismo e medio. Tamén sinala que en calquera caso a subvención non se perde, que se cobrará o ano que vén.

O Sr. Alcalde conclúe o debate sinalando que o equipo redactor está sen cobrar e que se lle podía pagar coas subvencións que se recibiron, e sinala que aí só se estaba a debater a solicitude da subvención e non as formulacións do plan xeral.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Renunciar á subvención concedida ao Concello de Chantada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Dirección Xeral de Urbanismo, segundo a convocatoria do ano 2005 (Orde de 15 de marzo de 2005), renunciando ás cantidades pendentes de libramento.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO.- Solicitar unha subvención á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte, Dirección Xeral de Urbanismo para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Chantada adaptado á normativa urbanística vixente, segundo a convocatoria do ano 2007 (Orde de 20 de abril de 2007).

TERCEIRO.- Nomear o Alcalde-Presidente do concello de Chantada como representante do concello en cantos trámites sexan necesarios para a concesión favorable e xustificación da axuda económica solicitada.

CUARTO.- Autorizar á Xunta de Galicia para poder utilizar o instrumento de planeamento obxecto de subvención, publicalo de xeito convencional ou a través da páxina web, así como para que poida percibir de ser o caso os importes para o resarcimento dos custos derivados da publicación e/ou venda dos contidos do documento de planeamento subvencionado.

QUINTO.- Comunicar o presente acordo á Consellería de Política Territorial, obras públicas e transportes, Dirección Xeral de Urbanismo para a súa consideración e efectos oportunos, así como ós departamento municipais implicados na tramitación.

3º. - ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

1. Sr. Varela: Na rúa Alferez Baanante hai un socavón á altura da antiga leitaría, que é perigosa para a circulación de peóns, polo que habería que reparalo canto antes.
2. Sr. Varela: Nos ámbitos da rotonda 540 e a zona de Merlán, os veciños quéixanse da maleza acumulada, sería conveniente poñerse en contacto con fomento, co servizo de Lugo para que o solucionen.

PREGUNTAS:

1. Sr. Varela: Vimos nos medios de comunicación as festas locais para o ano 2008, e antes aprobábanse en Xunta de goberno e dábase conta ao Pleno nun punto da orde do día.

- Sr. Alcalde: Fixose pola urxencia dos prazos, en calquera caso houbo un cambio no martes de Entroido, que se traslada ao faro; o planeamento é que sigan as tradicións que habían, martes da empanada e San Lucas, e dado que o ano que vén San Lucas cadra en sabado, o planeamento é ter o faro cando San Lucas cadra en sabado e domingo, que é os próximos dous anos, e despois o martes da empanada e San Lucas.

2. Sr. Varela: Díxosenos que o equipo de xardinaría estaba a limpar o camiño da zona sur, e non nos parece unha labor axeitada para eles, cando hai outras cousas como a zona do punto limpo e a rotonda 540 que están deterioradas e secas.

- Sr. Tenente de Alcalde contesta que ese camiño se estivo a limpar polo tema das cuartas xornadas da tempada de inverno, e a parte da brigada de parques e xardíns se estivo a utilizar outro tipo de brigadas para telo limpo ao ser de interese para Chantada.

- O Sr. Varela agradece que lle contestase as preguntas o Sr. Alcalde- Presidente da Corporación, ou que se modifique o Regulamento orgánico do Concello e se especifique quen contesta cada pregunta.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

3. Sr. Varela: Sobre os informes de patrimonio en relación co proxecto de remodelación do edificio multidisciplinar da Alameda, que pensan facer co proxecto e as recomendacións de patrimonio.

- Sr. Alcalde: Ao ser preceptivo o informe favorable de patrimonio, comunicouse ao redactor do proxecto para que o corrixa, xa que pola contra non se lle poderá conceder a licenza de obra.

- Sr. Varela: Hai edificios como estes que se arranxan para que sexan utilizados polo público, que se fan para poder soportar pesos que non soporta unha casa...

- Sr. Alcalde: Non nos corresponde a nós criticar os informes de patrimonio, pero en calquera caso poden trasladar esas alegacións á comisión de patrimonio para que as teñan en conta.

4. Sr. Varela: Que acontece con patrimonio e a igrexa de Centulle, que está a tella posta enriba da uralita, o que é perigoso e se pode estragar, levando meses parado.

- Sr. Alcalde: Antes de facer obras en bens inventariados hai que solicitar licenza, senón xa sabe o que pasou no castro coa traída de augas de Centulle, xa que é preceptivo o informe favorable de patrimonio antes de comezar calquera tipo de obras, senón o que se fai é atrasar.

5. Sr. Varela: A obra do POS do ano 2004, en que situación vai quedar.

- Sr. Alcalde: Está acabada e certificada a día de hoxe, dende patrimonio pídese un proxecto para esa zona, en principio vai quedar así tal como está, non hai ningún proxecto feito.

6. Sr. Varela: Que pasou co tanque de auga de Centulle, non lle parece que o tanque de auga está en ruínas e patrimonio non se pronunciou.

- Sr. Alcalde: Nós non somos responsables da comisión de patrimonio.

7. Sr. Varela: Pintáronse moitos pasos de peóns e non se sinalaron verticalmente, o que podería xerar ao Concello responsabilidade patrimonial directa ou subsidiaria en caso de accidentes.

- Sr. Alcalde: Resolveranse eses problemas.

- O Sr. Iglesias pide a palabra ao Sr. Alcalde para aclarar que se está a traballar niso coa policía local, acopiando primeiro todos os sinais que hai para ver as que se poden aproveitar antes de comprar nada. Indica tamén que había ata 400 sinais de tráfico en distintos lugares, e unhas 65 de pasos de peóns; sinalando tamén que en caso de atropelos prevalecen os sinais horizontais.

8. Sr. Varela: As bólas que quitaron da rúa nova empezan a aparecer por moitos sitios, e diante da gardaría hai unha e pode tropezar calquera, polo que sería bo iluminar esa zona.

- Sr. Alcalde: Fíxose para deixar a saída libre e que non poidan aparcar coches.

9. Sr. Varela: Respecto aos parques eólicos singulares o Concello de Chantada tiña un concedido, sabe como está o tema.

- Sr. Alcalde: Hai un recurso contra a resolución, estamos á espera de ver como se resolve.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

E sendo, as vinte e unha horas, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 26 de outubro de 2007

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel